

COMPROMISO PERSOAL DE CONFIDENCIALIDADE E NON REVELACIÓN DE INFORMACIÓN

Eu, _____, con NIF _____, membro de _____⁽¹⁾, comprométome a gardar estrita confidencialidade no relativo á información á que poida ter acceso realizando actividades relacionadas coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), co obxecto de _____⁽²⁾, segundo o establecido no *Compromiso de confidencialidade e non revelación de información*⁽³⁾ firmado por _____⁽⁴⁾ coa Amtega.

En particular, comprométome a observar os deberes de confidencialidade e segredo recollidos no Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa concordante, respecto de calquera tipo de información que puidera coñecer con motivo do desenvolvemento do meu traballo, e que empregarei cos fins exclusivos de xestión para os que sexa autorizado. No caso de acceder a sistemas de información da Xunta de Galicia fágome responsable dos accesos que se realicen a ficheiros mediante o meu contrasinal persoal, e comprometéndome á devolución de calquera soporte ou medio telemático proporcionado pola Amtega. Estas obrigacións subsistirán aínda despois de finalizada a relación entre as partes.

Así mesmo, comprométome a cumprir en todo momento as normas establecidas pola Amtega, como son:

- As Políticas de Seguridade, en particular o *Manual de Boas Prácticas no ámbito da Protección de Datos* e a *Política de Funcións e Obrigas do Persoal* dispoñibles no portal XuntaTIC.
- O *Decreto 230/2008 polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia*.

O incumprimento destas obrigacións poderá dar lugar á esixencia de responsabilidades administrativas ou de calquera outra natureza.

Información básica sobre protección de datos persoais: os seus datos serán tratados, na súa condición de responsable, pola Xunta de Galicia - Amtega, para xestionar os compromisos de confidencialidade e non revelación de información. A base lexitimadora é a necesidade de tratar os datos para a execución do contrato suscrito coa organización e o cumprimento dunha obrigación legal (RXPd e R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica). Non se prevén comunicacións a terceiros. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/coa delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>.

En _____, a _____ de _____ de _____

Asdo.

Membro/a de _____⁽¹⁾

⁽¹⁾ Organización que presta un servizo ou realiza unha actividade relacionada coa Amtega, para a cal debe acceder a información confidencial e privada. No caso de persoal subcontratado, deberase constar o nome da empresa subcontratada (indicando que é subcontrata da Organización que presta servizo a Amtega).

⁽²⁾ Descrición do obxecto da contratación. Incluir o identificador e o lote da contratación sempre que aplique.

⁽³⁾ No caso de que o acceso á información se derivase dun procedemento de contratación pública da Amtega, este compromiso entenderase xa incluído nas cláusulas reguladoras do mesmo.

⁽⁴⁾ Organización que presta un servizo ou realiza unha actividade relacionada coa Amtega, para a cal debe acceder a información confidencial e privada. No caso dunha Unión Temporal de Empresas, deberá constar a razón social da propia UTE.